

Figuroa, Antón, *Marxes e centros. Para unha socioloxía do campo cultural*. 2015. Ed. ao coidado de Alejandro Alonso Nogueira, Arturo Casas, Manuel Forcadela, Teresa López, Laurence Malingret e Elías Torres Feijó. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento. Col. Ensaio, 321. 220 pp.

A Literatura Galega ten sido e segue a ser obxecto dunha diversificada análise desde variadas fundamentacións teóricas que procuran profundar sobre todo nas peculiaridades da historia, contexto, lingua e manifestacións artísticas fronte ás doutras culturas así mesmo periféricas, minoritarias ou minorizadas, asolagadas por mor da imposición da respectiva cultura central.

27

No século XXI as fundamentacións teóricas experimentaron cambios relevantes de cara ao futuro máis inmediato para dar resposta ás mudanzas da sociedade actual. A recompilación *Marxes e centros. Para unha socioloxía do campo cultural* reflicte o último estadio do evoluir da investigación desenvolvida por Antón Figuroa entre 1983 e 2012, ano previo á súa xubilación como catedrático de Filoloxía Francesa na Universidade de Santiago de Compostela.

As dúas décadas de investigación deron como resultado achegas sobre estudos teóricos recoñecidos a nivel mundial, caso dos de Pierre Bourdieu principalmente a partir do campo literario e tamén da posición dos intelectuais respecto á Arte e así mesmo da concepción do polisistema formulada por Itamar Even-Zohar, coa intencionalidade final de explicar os trazos característicos da Literatura galega. Son boa mostra, ademais doutros artigos e colaboracións en libros colectivos, as recoñecidas obras individuais *Diglosia e texto* (1988), *Lecturas alleas. Sobre das relacións con outras literaturas* (1996), *Communication littéraire et culture en Galice* (a única en coautoría, con Xoán

González-Millán, 1997), *Nación, literatura, identidade. Comunicación literaria e campos sociais en Galicia* (2001) e *Ideoloxía e autonomía do campo literario galego* (2010), cuxos títulos anticipan inquedanzas teóricas sobre as que reflexionou Figueroa durante anos, co afán de esclarecelas á luz de novas lecturas súas.

Así, *Marxes e centros. Para unha socioloxía do campo cultural* funciona como liña argumental dos pasos andados ao longo de máis de vinte anos polo curioso investigador Antón Figueroa, grazas a dúas claves estruturais: o acerto dos editores ao subdividir nos sectores, “A lectura de textos literarios”, “As relacións interliterarias” e “O campo cultural e a dimensión nacional do feito literario”, os dez breves artigos, recompilados por seren na actualidade de dificultoso acceso; e ao inserir unha ampla conversa co propio Figueroa, artellada como uha viaxe desde a infancia ata o momento actual, adobiada con case esquecidas lembranzas e sensacións respecto á vida na cidade aos ollos dun neno do rural, que explican a súa fascinación adulta por París e a súa forma de concebir a docencia, a investigación académica e a vida no seu conxunto.

28

A distribución interna dos artigos contidos nos tres “sectores” (segundo os califican os editores) citados reflicte de forma contundente a importancia da lectura, ao tempo que incide na relevancia da lingua concreta na que se escribe cada texto, no necesario coñecemento profundo dunha lingua estranxeira para comprender un texto foráneo, nas dificultades case insuperables para a recepción de textos escritos en linguas sumidas nunha situación de diglosia e na ollada crítica e reflexiva sobre a lectura de textos do pasado que dialogan cos do presente para explicar este e o futuro inmediato, se ben en numerosas ocasións, como apuntan, en *Lo que Borges enseñó a Cervantes*, César Domínguez, Haun Saussy e Darío Villanueva (2016: 10), nun enfoque centrado no lector, contéplase a influencia dun escritor futuro nun do pasado, ao poder este “moverse en todas las direcciones, incluso en las que son ajenas al proceso creativo”.

Antón Figueroa, na súa vida profesional, abriuse á internacionalización dos estudos teóricos e da literatura realizados en Galicia, como denotan á súa vez os artigos encadrados no “sector” (denominación aplicada polos editores), “As relacións interliterarias”, cando afonda no concepto e sentimento de ser *estranxeiro*, na autonomía e heteronomía dos autores de literaturas minoritarias e nas funcións achegadas polos relatos de viaxes no ámbito da lectura.

Un paso máis cara á internalización e asentamento das literaturas nas marxes, para achegarse ao centro do campo/sistema literario, pasa pola análise do feito literario respecto á nación correspondente e ao campo nun sentido máis complexo, como campo cultural. Esta perspectiva plásmase, nos artigos recollidos no terceiro “sector” (denominación aplicada polos editores), na demorada reflexión de Figueroa acerca da identidade nacional amparada polo discurso, nos sintéticos argumentos relativos á creación do campo literario a medida que o escritor gana autonomía e nos matices respecto ao concepto de “literatura nacional” no proceso de articulación do campo literario.

En suma, *Marxes e centros. Para unha socioloxía do campo cultural* contribúe a recuperar, á hora de analizar autores, sobre todo de literaturas á marxe do centro do campo/sistema literarios, achegas fundamentais nos estudos teóricos que xa estaban presentes en Pierre Bourdieu e nos precededores dos que bebeu, antes da eclosión de Itamar Even-Zohar e da súa escola posterior. Ademais os dez artigos recompilados manteñen abertas liñas de investigación teórica que aínda cómpre reformular, como fixo o propio Figueroa ao longo da súa etapa investigadora, para potenciar así as peculiaridades da Literatura galega na súa conformación e asentamento como literatura, recoñecida como tal dentro e fóra da contorna de Galicia. Entre outros aspectos para o debate e reflexión figuran a loita interna de cada escritor por lograr autonomía á marxe da heteronomía ou como consecuencia dela; as causas da valorización do folclore, da literatura de transmisión oral e da paisaxe; as disimilitudes existentes nos creadores para acadar autonomía no campo cultural, segundo o eido artístico ao que pertencen; a funcionalidade agochada nos relatos de viaxes e a lectura observada desde unha óptica diversa e plural, que percorre todo o volume.

*Mar Fernández Vázquez*